A Base Xeral deste concurso de méritos (BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022), vid. Anexo II -Base Quinta-, onde se regula o contido da solicitude de participación, establece que debe achegarse coa mesma unha “*relación dos méritos alegados e copia simple da documentación acreditativa dos mesmos. Só se terán en conta os méritos que se xustifican documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes*”.

Este apartado das Bases debe poñerse en relación coa Base Décima. 2º. c) que indica como se acreditan ter superado procesos selectivos. Dispón que este mérito académico se acreditará, dentro do prazo de presentación de instancias, con declaración xurada que se presenta coa solicitude.

Cómpre distinguir entre alegar un mérito e xustificalo documentalmente. A relación de méritos serve unicamente para alegar o mérito pero debe xustificarse documentalmente con declaración xurada ou certificación.

Neste motivo 8º debe darse por reproducida a fundamentación exposta no motivo 2º.

MOTIVO 9º.- Acreditación do mérito profesional alegado “Servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder”: Mediante certificación expedida polo órgano competente da Administración Pública correspondente. O/a aspirante non acreditou documentalmente o mérito profesional -servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas coa certificación debidamente cumprimentada dentro do prazo de presentación de instancias que finalizou o pasado 21/03/2024.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 11 de 18
44806-220	CSV: ABA3C7-5F8A3D-DB848D-7Z1AR7-JQ6YPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Base Xeral deste concurso de méritos (BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022), vid. Anexo II -Base Quinta-, onde se regula o contido da solicitude de participación, establece que debe achegarse coa mesma unha “relación dos méritos alegados e copia simple da documentación acreditativa dos mesmos. Só se terán en conta os méritos que se xustificuen documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes”.

Este apartado das Bases debe poñerse en relación coa Base Décima.1º que indica como se acreditan os servizos prestados (méritos profesionais) no Concello de Vigo e no ámbito doutras Administracións Públicas. Dispón que os méritos profesionais “Servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas” se acreditarán con certificación expedida polo órgano competente da Administración Pública correspondente, na que deberá figurar, como mínimo: a administración pública, o vínculo o réxime xurídico, o posto o praza desempeñado, o corpo, escala, subescala ou categoría, a porcentaxe de xornada e o cómputo total de días, meses e anos traballados.

Cómpre distinguir entre alegar un mérito e xustificalo documentalmente. A relación de méritos serve unicamente para alegar o mérito pero debe xustificarse documentalmente con certificación.

As reclamacións desestimadas por este MOTIVO 9º obedecen a que o/a aspirante non acreditou documentalmente o mérito profesional -servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder- coa certificación debidamente cumprimentada dentro do prazo de presentación de instancias que finalizou o pasado 21/03/2024. As vidas laborais non se admiten para acreditar méritos profesionais segundo as bases.

MOTIVO 10º.- Non cabe puntuar un mérito non alegado dentro do prazo de presentación de solicitudes.

A Base Xeral deste concurso de méritos (BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022), vid. Anexo II -Base Quinta-, onde se regula o contido da solicitude de participación, establece que debe achegarse coa mesma unha “relación dos méritos alegados e copia simple da documentación acreditativa dos mesmos. Só se terán en conta os méritos que se xustificuen documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes”.

Dito prazo finalizou en data 21/03/2024, polo que só se terán en consideración os méritos alegados e xustificados dentro do prazo de presentación de instancias.

MOTIVO 11º.- Mérito profesional “Servizos prestados no ámbito doutras Administracións”: Non se valoran as fraccións de mes.

A Base Xeral Décima 1.B), aplicable a este proceso, publicadas no BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022, establece que só se puntuarán servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder. Non se valoran os servizos prestados como persoal funcionario eventual, sendo valorados os que derivan dunha contratación laboral temporal ou da condición de persoal funcionario interino, sempre que teñan sido prestados no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder.

Outórgase 0,30 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 60 puntos. Non se valoran as fraccións de mes, entendendo un mes por 30 días naturais.

INFORME XURÍDICO DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS

- **GALIÑANES FERNÁNDEZ, J.M (DNI ***6431**):**

Reclamación ao Proceso nº 31 (ADMINISTRATIVO/A- LABORAL FIXO - SUBGRUPO C1), Doc. nº 240352742, data presentación 15/11/2024.

- Alega: Solicita se lle compute o tempo traballado no Concello de Cambados, achega vida laboral.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 12 de 18
44806-220	CSV: ABA3C7-5F8A3D-DB848D-7Z1AR7-JQ6YPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Motivación da proposta: Desestimación MOTIVO 1º- 4º-9º.
- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por GALIÑANES FERNÁNDEZ, J.M (DNI ***6431**), con Doc. nº 240352742, data presentación 15/11/2024.

Reclamación ao Proceso nº 35 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - LABORAL FIXO- SUBGRUPO C2), Doc. nº 240356680, data presentación 20/11/2024.

- Alega: Solicita se lle compute o tempo traballado no Concello de Cambados, achega vida laboral.
- Motivación da proposta: Desestimación MOTIVO 1º- 4º-9º.
- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por GALIÑANES FERNÁNDEZ, J.M (DNI ***6431**), con Doc. nº 240356680, data presentación 20/11/2024.

- **MARRONE SÁNCHEZ, K (DNI ***2248**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. nº 240352784, data presentación 15/11/2024.

- Alega: Solicita se lle revise a puntuación que lle foi outorgada no concurso de méritos, non concreta.
 - Motivación da proposta: Desestimación MOTIVO 1º- 4º.
- Revisada a puntuación desta aspirante resulta correcta. Tan só cabe outorgarlle 2,10 puntos por servizos prestados noutras Administracións Públicas (achegou coa instancia Certificación do Concello de Meis conforme prestou servizos neste por 7 meses como auxiliar administrativa).
- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por MARRONE SÁNCHEZ, K (DNI ***2248**), con Doc. nº 240352784, data presentación 15/11/2024.

- **SANCHEZ RIVERA, V (DNI ***1720**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. nº 240352811, data presentación 15/11/2024.

- Alega: Solicita se lle revise a puntuación que lle foi outorgada no concurso de méritos, non concreta.
 - Motivación da proposta: Desestimación MOTIVO 1º- 4º.
- Revisada a puntuación desta aspirante resulta correcta. Tan só cabe outorgarlle 40 puntos polo mérito académico cursos de formación. Deste xeito, os servizos prestados noutras Administracións Públicas non se puntúan polos motivos 1º- 4º.
- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por SANCHEZ RIVERA, V (DNI ***1720**), con Doc. nº 240352811, data presentación 15/11/2024.

- **VÁZQUEZ SÁNCHEZ, M.C (DNI ***0441**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. nº 240353288, data presentación 15/11/2024.

- Alega: Solicita se lle outorguen 57,60 puntos por servizos prestados noutras Administracións Públicas e se lle valoren as prácticas realizadas no Concello de Vigo para obter a Titulación de Técnico Especialista rama administrativa e comercial, estudos cursados no colexio Aloya.
 - Motivación da proposta: Desestimación MOTIVO 1º-2º-3º- 4º. Revisada a puntuación desta aspirante resulta correcta.
- O órgano de selección puntuou os servizos prestados no Concello de Vigo con 0 puntos polos motivos 1º-2º-3º. Asemade revisada a puntuación que lle foi outorgada polo Tribunal por servizos prestados noutras Administracións Públicas (51 puntos), dita puntuación é correcta.
- Polos servizos prestados no Concello de Pontevedra correspóndelle 5,4 puntos (18 meses x 0,3); na Universidade de Vigo 8,40 puntos (28 meses x 0,3) (período do 08/04/2008 ao 7/05/2008, 1 mes) - (período do 10/12/2008 ao 09/04/2009, 4 meses) - (período do 11/05/2009 ao 31/10/2009, 5 meses) - (período do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 13 de 18
44806-220	CSV: ABA3C7-5F8A3D-DB848D-7Z1AR7-JQ6YPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

14/12/2009 ao 02/06/2011, 17 meses) - (período do 15/06/2011 ao 15/07/2011, 1 mes) ; no Consorcio Galego de Igualdade (124 meses x 0,3); Non cabe puntuar os servizos no Concello de Poio (motivo 4).

Tampouco se puntuá o período traballado na Universidade de Vigo do 14/09/2011 ao 31/01/2012 como Xefe de negociado de Asuntos Xerais polo motivo 4º.

- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por VÁZQUEZ SÁNCHEZ, M.C (DNI ***0441**), con Doc. nº 240353288, data presentación 15/11/2024.

- Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. nº 240357310, data presentación 20/11/2024.

- Alega: Mediante este documento a aspirante aporta Certificación da Xerente da Universidade de Vigo, asinada en data 09/10/2024, onde certifica que o período de tempo traballado na Universidade de Vigo do 14/09/2011 ao 31/01/2012 é na escala auxiliar administrativa, grupo C2, como funcionaria interina.

- Motivación da proposta: Desestimación MOTIVO 9º.

Non cabe neste intre procedemental aportar nova documentación para acreditar méritos alegados. Non obstante, non cabe puntuar o traballo na Universidade de Vigo como Xefe de Negociado de Asuntos Xerais por canto a certificación de data 31/01/2012, ademais de ser extemporánea, distingue este posto como diferente do de auxiliar administrativo.

- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por VÁZQUEZ SÁNCHEZ, M.C (DNI ***0441**), con Doc. nº 240357310, data presentación 20/11/2024.

• **BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ, B (DNI ***4333**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. nº 240353388, data presentación 16/11/2024.

- Alega: Solicita se lle outorguen 10 puntos polo mérito académico de ter dous procesos selectivos superados sen praza no Concello de Vigo como Auxiliar Administrativo da Administración Xeral.

- Motivación da proposta: Desestimación MOTIVO 10º.

A aspirante non alegou este mérito na instancia presentada en data 12/03/2024 (doc 240083623), non figura na relación de méritos achegada coa mesma nin aportou declaración xurada neste sentido.

- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ, B (DNI ***4333**), con Doc. nº 240353388, data presentación 16/11/2024.

• **NÚÑEZ VÁZQUEZ, M.T (DNI ***0106**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. Nº 240353389, data presentación 16/11/2024; Doc. nº 240355996, data presentación 19/11/2024;

- Alega: Non estar conforme coa puntuación que se lle ten outorgado polo mérito profesional, servizos prestados noutras Administracións Públicas. Solicita se lle outorguen 14,40 puntos por 1464 días traballados como auxiliar administrativa do SERGAS, que veñen a ser 48 meses.

- Motivación da proposta: Desestimación MOTIVO 1º- 4º-11º.

Tense outorgado 0,30 puntos por mes traballado con continuidade.

- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por NÚÑEZ VÁZQUEZ, M.T (DNI ***0106**), con Docs. Nº 240353389 e 240355996, datas presentación 16/11/2024 e 19/11/2024.

Reclamación ao Proceso nº 35 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A – LABORAL FIXO- SUBGRUPO C2), Doc. nº 240355998, data presentación 19/11/2024.

- Alega: Non estar conforme coa puntuación que se lle ten outorgado polo mérito profesional, servizos prestados noutras Administracións Públicas. Solicita se lle outorguen 14,40 puntos por 1464 días traballados como auxiliar administrativa do SERGAS, que veñen a ser 48 meses.

- Motivación da proposta: Desestimación MOTIVO 1º- 4º- 11º.

Tense outorgado 0,30 puntos por mes traballado con continuidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 14 de 18
44806-220	CSV: ABA3C7-5F8A3D-DB848D-7Z1AR7-JQ6YPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por NÚÑEZ VÁZQUEZ, M.T (DNI ***0106**), con Doc. N° 240355998 , data presentación 19/11/2024.

• **FERNÁNDEZ IGLESIAS, B.A (DNI ***5354**):**

- Reclamación ao proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Docs. nº 240353439-240355904-240355917, datas presentación 17-19-19/11/2024-.

- Alega: Solicita se lle computen os servizos prestados no Concello de Vigo como auxiliar administrativa e se lle outorguen 15 puntos polo mérito académico de haber superado sen praza tres procesos selectivos neste Concello.

- Motivación da proposta: Desestimación MOTIVO 1º- 2º- 8º-9º.

Esta aspirante tan só alegou na relación de méritos presentada coa súa instancia os méritos que agora reclama sexan puntuados, non obstante, non xustificou os mesmos ao non achegar coa instancia presentada en data 11-12/03/2024 declaración xurada ou certificación.

- Proposta: Desestimar as reclamacións presentadas por FERNÁNDEZ IGLESIAS, B.A (DNI ***5354**), Docs. nº 240353439-240355904-240355917, datas presentación 17-19-19/11/2024.

Reclamación ao Proceso nº 35 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - LABORAL FIXO- SUBGRUPO C2), Docs. nº 240355890-240355891, datas presentación 19/11/2024.

- Alega: Solicita se lle computen os servizos prestados no Concello de Vigo como auxiliar administrativa e se lle outorguen 15 puntos polo mérito académico de haber superado sen praza tres procesos selectivos neste Concello. Achega coa reclamación certificación de servizos prestados no SERGAS.

- Motivación da proposta: Desestimación MOTIVO 1º- 2º- 8º-9º.

Esta aspirante tan só alegou na relación de méritos presentada coa súa instancia os méritos que agora reclama sexan puntuados, non obstante, non xustificou os mesmos ao non achegar coa instancia presentada en data 11-12/03/2024 declaración xurada ou certificación.

Asemade, achega extemporaneamente en data 19/11/2024 co escrito de reclamación, certificación de servizos prestados no SERGAS.

- Proposta: Desestimar as reclamacións presentadas por FERNÁNDEZ IGLESIAS, B.A (DNI ***5354**), Docs. nº 240355890-91, datas presentación 19/11/2024.

• **MONZÓN PÉREZ, E (DNI ***7481**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Docs. nº 240353740-240353758, datas presentación 18/11/2024.

- Alega: “*subsanción de defecto correspondente a galego*”, por canto consta como non posuír o CELGA 3. Achega, extemporaneamente coa reclamación, escrito validación da Xunta de Galicia conforme posúe CELGA 4.

- Motivación da proposta: Desestimación 1º.

Esta aspirante tan só alegou na relación de méritos presentada coa súa instancia estar en posesión do CELGA 4, non obstante, non xustificou dito aspecto ao non achegar coa instancia presentada en data 21/03/2024 o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente á praza a estabilizar conforme esixe a Base Xeral, Anexo I, polo que deberá superar unha proba de coñecemento que en ningún caso computará como mérito

- Proposta: Desestimar as reclamacións presentadas por MONZÓN PÉREZ, E (DNI ***7481**), Docs. nº 240353740-240353758, data presentación 18/11/2024.

• **MOURIÑO BARROS, M.D.C (DNI ***3476**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. nº 240353752, data presentación 18/11/2024.

- Alega: Revisión da puntuación por méritos profesionais, servizos prestados de cara ao desempate do proceso. Considera que por servizos prestados no Concello de Vigo serían 61,08 puntos e noutras



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 15 de 18
44806-220	CSV: ABA3C7-5F8A3D-DB848D-7Z1AR7-JQ6YPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Administracións 46,5 puntos (por 155 meses, correspondendo 120 meses por servizos prestados no SERGAS).

- Motivación da proposta: Desestimación 1º, 2º, 3º, 4º, 11º.

A puntuación que lle foi dada é correcta por canto non cabe valorar os contratos referidos ao SERGAS por períodos inferiores ao mes. Asemade tense valorado os servizos prestados en Vigo con efectos de 01/08/2008 segundo certificación presentada, e a puntuación por este concepto non pode superar 60 puntos.

- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por MOURIÑO BARROS, M.D.C (DNI ***3476**), Doc. nº 240353752, data presentación 18/11/2024.

- Reclamación ao Proceso nº 35 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A -LABORAL FIXO- SUBGRUPO C2), Doc. nº 240356005, data presentación 20/11/2024.

Presenta a mesma reclamación que para o proceso 34.

Proposta: Desestimar a reclamación presentada por MOURIÑO BARROS, M.D.C (DNI ***3476**), Doc. nº 240356005, data presentación 20/11/2024.

- **COSSIO SÁNCHEZ GALIANO, E (DNI ***7123**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. nº 240353800, data presentación 18/11/2024.

- Alega: Revisión da puntuación por méritos profesionais, servizos prestados noutras Administracións Públicas.

- Motivación da proposta: Estimación, MOTIVOS 1º, 11º.

A puntuación que lle foi dada é a seguinte: 39,90 puntos por servizos prestados noutras Administracións Públicas (Desglose: 46 meses de servizos na Consellería Familia Xunta, 26 meses na Consellería de Política Territorial, 8 meses no S.E.R.I Delegación Pesca, 1 mes na Consellería de Educación, 19 meses na Consellería da Presidencia, 1 mes no SERGAS, 2 meses no Concello de Mos, 2 meses no Concello de Porriño, 27 meses Oficina emprego Tui, 1 mes IES de Chapela.

Vista a documentación aportada coa instancia son 9 meses traballados no S.E.R.I Delegación Pesca, polo que procede 2,70 puntos a 0,30 mes natural completo.

Non cabe valorar os contratos referidos ao SERGAS por períodos inferiores ao mes.

- Proposta: Estimar a reclamación presentada por COSSIO SÁNCHEZ GALIANO, E (DNI ***7123**), Doc. nº 240353800, data presentación 18/11/2024, outorgándolle 40,20 (0,30+) puntos por servizos prestados noutras Administracións Públicas (80,20 puntos totais).

- **DACOSTA ARGIBAY, M.J (DNI ***5803**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. nº 240354491, data presentación 18/11/2024.

- Alega: Revisión da puntuación por méritos profesionais, servizos prestados no Concello de Vigo e noutras Administracións Públicas. Manifesta que non se lle valoraron os servizos prestados no Concello de Vigo ata fin do prazo de presentación de instancias e tampouco se lle valoraron os servizos prestados no Concello de Moaña.

- Motivación da proposta: Desestimación, MOTIVOS 1º, 2º, 3º, 4º, 11º.

A esta aspirante se lle outorgaron 3,60 puntos por servizos prestados no Concello de Vigo segundo certificación da XMU Vigo; 2,40 por servizos noutras Administracións Públicas (5 meses no Concello de Salvaterra de Miño e 3 meses no SERGAS). Non se lle puntúan os servizos no Concello de Moaña (Patronato Municipal Beiramar) ao ser como Administrativa (motivo 4).

Por servizos prestados en Vigo valórase o tempo traballado do 23.08.2023 ao 22.02.2024 (data na que se asina a certificación presentada), non podendo outorgarse 0,60 puntos mais xa que o tempo traballado en Vigo do 23/02/2024 ao 21/03/2024 (data fin presentación de instancias) non chega a 1 mes completo (30 días naturais).

- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por DACOSTA ARGIBAY, M.J (DNI ***5803**), data presentación 18/11/2024, Doc. Nº 240354491.

- **PAREDES DEL PRADO, E (DNI ***4444**):**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 16 de 18
44806-220	CSV: ABA3C7-5F8A3D-DB848D-7Z1AR7-JQ6YPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. nº 240354561, data presentación 18/11/2024.

- Alega: Solicita se lle informe se o Tribunal outorgou puntuación ao título de licenciada
- Motivación da proposta: Desestimación.

A esta aspirante se lle outorgaron 5 puntos pola licenciatura en dereito.

- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por PAREDES DEL PRADO, E (DNI ***4444**), data presentación 18/11/2024, Doc. Nº 240354561.

• **ABELLEIRA VILLANUEVA, M (DNI ***3589**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. nº 240355946, data presentación 19/11/2024.

- Alega: Solicita se lle outorguen 0,60 puntos por 2 meses de servizos no Servizo Estatal de Correos e Telégrafos achegando, por primeira vez, certificación coa reclamación e tamén solicita se lle valoren procesos selectivos superados na Universidade de Vigo.

- Motivación da proposta: Desestimación. MOTIVOS 1º, 8º, 9º.

- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por ABELLEIRA VILLANUEVA, M (DNI ***3589**), data presentación 19/11/2024, Doc. Nº 240355946.

• **CASTRO BLANCO, S (DNI ***8534**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. nº 240355955, data presentación 19/11/2024; Doc. nº 240357334, data presentación 20/11/2024.

- Alega: Solicita se proceda á revisión da puntuación que se lle outorgou por servizos prestados noutras administracións.

- Motivación da proposta: Desestimación. MOTIVOS 1º, 4º, 9º.

Os criterios seguidos na valoración realizada polo Órgano de Selección son os establecidos nas Bases da Convocatoria (BOPPO nº 249 de 30/12/2022; BOPPO nº 103, de 31/05/2023). Non se lle outorgou puntuación polos servizos prestados no Concello de o Saviñao ao ser prestados como Administrativo, nunha subescala ou categoría distinta á que se desexa acceder que é a de auxiliar administrativo.

- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por CASTRO BLANCO, S (DNI ***8534**), data presentación 20/11/2024, Doc. Nº 240355955.

• **PEREIRAS BERMEJO, V (DNI ***3746**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Docs. nº 240356000, data presentación 20/11/2024.

- Alega: Solicita se proceda á revisión da puntuación que se lle outorgou por servizos prestados no Concello de Vigo por canto considera que lle corresponden 60 puntos ao estar traballando dende 01/08/2008 ata a actualidade.

- Motivación da proposta: Estimación. MOTIVOS 1º, 2º, 3º

O órgano de selección deberá puntuar os servizos alegados e acreditados pola aspirante con declaración responsable, achegada no seu día coa instancia, computando o tempo traballado como auxiliar administrativa dende o 01/08/2008 ata o 21/03/2024. Este aspecto ten sido cotexado polo órgano de selección (certificación 18/11/2024). Procede outorgar 60 puntos por servizos prestados no Concello de Vigo, total puntuación da aspirante 100 puntos.

- Proposta: Estimar a reclamación presentada por PEREIRAS BERMEJO, V (DNI ***3746**), data presentación 20/11/2024, Doc. Nº 240356000, outorgando 60 puntos por servizos prestados no Concello de Vigo, total puntuación 100 puntos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 17 de 18
44806-220	CSV: ABA3C7-5F8A3D-DB848D-7Z1AR7-JQ6YPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

• **COSTAS RODRÍGUEZ, V (DNI ***3534**):**

Reclamación ao Proceso nº 35 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A – LABORAL FIXO- SUBGRUPO C2), Docs. nº 240356144, data presentación 20/11/2024.

- Alega: Solicita se proceda á revisión da puntuación que se lle outorgou por acreditar o CELGA 4 que é unha titulación superior á requirida no Subgrupo C2.
- Motivación da proposta: Desestimación. MOTIVOS 1º, 2º, 3º.
Esta aspirante alegou e acreditou estar en posesión do CELGA 4, nivel de competencia en lingua galega, título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega superior á praza a estabilizar conforme esixe a Base Xeral, anexo I. Segundo as Bases da convocatoria non computa como mérito académico.
- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por COSTAS RODRÍGUEZ, V (DNI ***3534**), data presentación 20/11/2024, Doc. Nº 240356144.

• **NÚÑEZ ABOY, N.M (DNI ***8401**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. nº 240356475, data presentación 20/11/2024.

- Alega: Solicita se proceda á revisión da totalidade das puntuacións do proceso 34 por canto considera que non cabe valorar neste proceso os servizos prestados como auxiliar administrativo persoal laboral, deben ser soamente puntuados os servizos prestados como auxiliar administrativo funcionario de carreira.
- Motivación da proposta: Desestimación. MOTIVOS 1º, 3º.
- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por NÚÑEZ ABOY, N.M (DNI ***8401**), data presentación 20/11/2024, Doc. Nº 240356475.

Reclamación ao Proceso nº 35 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A -LABORAL FIXO- SUBGRUPO C2), Doc. nº 240356678, data presentación 20/11/2024.

- Alega: Solicita se proceda á revisión da totalidade das puntuacións do proceso 35 por canto considera que non cabe valorar neste proceso os servizos prestados como auxiliar administrativo funcionario de carreira, deben ser soamente puntuados os servizos prestados como auxiliar administrativo persoal laboral.
- Motivación da proposta: Desestimación. MOTIVOS 1º, 3º.
- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por NÚÑEZ ABOY, N.M (DNI ***8401**), data presentación 20/11/2024, Doc. Nº 240356678.

• **GÓMEZ FERNÁNDEZ, M.D.M (DNI ***2461**):**

Reclamación ao Proceso nº 34 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA-SUBGRUPO C2), Doc. nº 240357332, data presentación 20/11/2024.

- Alega: Solicita se proceda á valoración dos servizos prestados noutras Administracións Públicas. Achegou coa instancia informe de vida laboral.
- Motivación da proposta: Desestimación. MOTIVOS 1º, 9º.
- Proposta: Desestimar a reclamación presentada por GÓMEZ FERNÁNDEZ, M.D.M (DNI ***2461**), data presentación 20/11/2024, Doc. Nº 240357332.

A SECRETARIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN
XEFA DO SERVIZO DE SEGURIDADE

Asdo: Rosa Ana Garcinuño Barreiro
(Data segundo sinatura dixital que consta ao marxe)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 18 de 18
44806-220	CSV: ABA3C7-5F8A3D-DB848D-7Z1AR7-JQ6YPH-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		